



Comité Intercentros
Universidade de Vigo

ASUNTO: PETICIÓN PARA QUE OS CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PAS-L SE IMPARTAN NOS TRES CAMPUS

Na reunión do Comité Intercentros celebrada o día 26 de outubro tomouse, entre outros, o seguinte acordo: instar á xerencia a que os cursos que se organicen para o PAS laboral se fagan nos tres campus e nas dúas quendas.

O Pleno fai súas as protestas dos traballadores e traballadoras do Campus de Pontevedra que a través dun escrito dirixido a este órgano amosaron a súa protesta porque cando se decidiu organizar o curso “Fundamentos da organización e o mantemento”, non se impartiu na cidade de Pontevedra.

Cando se organice o seguinte curso ou acción formativa, pregámoslle nos teña informados sobre os criterios que se empregan para a súa organización e, en especial, os referidos ás cidades nas que se desenvolverán e ás quendas nas que se impartirán.

Vigo, 27novembro de 2006

O SECRETARIO DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Manuel Velasco Graña

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO